


# Se deixamos de ser indios

A escrita de Manuel Rivas é un sistema poliédrico con argumentos que poden ser activados ou desactivados segundo as lecturas, e de aí as contraditorias imaxes que proxecta. POR ISAAC LOURIDO

A POESÍA DE Manuel Rivas constituíu, na década de 80, parte da arquitectura subterránea que, malia os intentos por ser encasquetada na tan mentada *Xeración dos 80*, porfiou na construción de poéticas conscientes de que Galiza é subalterna e está na periferia. Canda a Lois Pereiro, Ronseltz, os *Cantos caucanos* (1985) de Avilés de Taramancos, o incipiente Antón Lopo (*Sucios e desexados*, 1988) ou todo o que supuxo unha revista como *Luzes de Galiza*, Manuel Rivas deu en trazar unha poética *indie* e aborixe, ecoloxista e contra-cultural, alicerzada nas imaxes e nos discursos dunha cotidianidade diferente (por galega) e na proxección dunha memoria íntima e popular, en que o real freaba o acarreamento a certo sentimentalismo. Algo de todo isto callou en varias das propostas que emerxeron na década seguinte, xusto no momento en que Rivas emprendeu os tránsitos cara á súa posición actual. O primeiro tivo como destino o xénero narrativo, que aproveitou e estilizou algunhas das liñas de forza da creación poética. O segundo, a apropiación do escritor polos medios do grupo Prisa, acaso para cubrir parte da cota de galeguidade axeitada á idea da España autonómica, plural e de consenso fabricada neses mesmos medios. Malia que as singulares condicións editoriais d' *A desaparición da neve* apuntan nunha dirección correlativa ao que se vén de indicar, xa que Alfaguara ofrece o texto nas catro linguas oficiais do Estado, calquera maniqueísmo será inútil e inxusto no despezamento da obra. Dando continuidade á voz modelada nos 80, o libro renova a confianza no poder da palabra poética contra a inxustiza e patentiza a idea da escrita como exercicio retrospectivo que, para alén da infancia e da conciencia de clase, asume un percurso cultural non dócil pero bastante menos que *punkie* (Chaplin, Pucho



**A DESAPARICIÓN DA NEVE**  
MANUEL RIVAS  
Alfaguara, 2009  
280 páxinas  
19,50 euros

Boedo, Antón Mouzo, Django Reinhardt).

O discurso poético de Rivas asenta tamén na intuición como (aparente) estratexia creadora, materializada nunha audaz imaxinaría metafórica e no uso do sarcasmo (“Invoquei a paz con moita xente/e sentín nos beizos as cóxegas de terra/ desta palabra que lisca entre flores/ como unha rata de composanto./ A miña derradeira esperanza é vostede, Señor, Deus Pai Taciturno”). Son salvocondutos para percorrer as varias liñas de lectura contidas no libro. Unha delas, non menor, preocúpase por trazar unha xeografía que transcende o físico e que, ligando Monte Alto, Fisterra, Compostela, Tinduf e certos espazos da micro-historia, crea unha dialéctica estrañamento-identificación que, en última instancia, remete para o emocional (“Hai un cetáceo ametrallado na Zambela,/ a carón do Portiño./ Duro é roer o óso da saudade”). Non son prácticas moi distintas das que desenvolveron no seu día Vázquez Montalbán (*Una educación sentimental*) ou Bernardo Atxaga, por citar nomes e traxectorias similares ou parcialmente converxentes coa do propio Rivas.

Toda a escrita deste autor constitúese, en fin, como un sistema poliédrico con argumentos que poden ser activados ou desactivados



O poeta e narrador coruñés Manuel Rivas

O DISCURSO POÉTICO DE MANUEL RIVAS ASENTA NA INTUICIÓN COMO (APARENTE) ESTRATEXIA CREADORA

HAI OUTRA LECTURA POSÍBEL DA SÚA OBRA, CONFORME AO QUE SE CRÍA POSÍBEL NOS 80: EN CLAVE CHEROKEE E POSCOLONIAL

segundo os intereses do lector. Áchase aí, talvez, nas distintas posibilidades de lectura que ofrece a obra de Manuel Rivas a chave para a comprensión das contraditorias imaxes que sobre el se proxectan no sistema literario galego e nas interferencias que recibimos do sistema español. A súa obra sérvelle a *El País* como garante da España plural e os románticos (supostamente) interesados na “calidade intrínseca” atopan nela detalles e maneiras das escollas temáticas e discursivas dominantes na contemporaneidade, acompañados dun plus distintivo que hai quen reivindica como diferente e hai quen só acerta a ver como exótico. Desde outras posicións, poderían reconstruírse na escrita de Rivas os trazos da inclemente “educación sentimental” das clases traballadoras. A lectora máis ousada esquivará o camiño marcado, o do consenso *posnacional* e da memoria como somnífero. E apropiarse, por contra, da potencialidade dunha lectura conforme ao que se cría posíbel nos 80: en clave *cherokee* e, aínda ou sobre todo, poscolonial. ■